

Guía

Voluntariado galego para a restauración ambiental de zonas queimadas



ADEGA

50 aniversario

Desde ADEGA queremos dar as grazas a todas as persoas que están ofrecendo a súa axuda para recuperar os montes afectados polos incendios. A vosa solidariedade é valiosa e esperanzadora.

Con todo, é importante saber que actuar directamente nas zonas queimadas pode causar máis danos que beneficios. A restauración destes espazos naturais debe facerse con coidado, seguindo protocolos técnicos e contando con persoal especializado.

Se queres colaborar, lembra que o voluntariado tamén require formación, autorización das persoas propietarias dos montes, permisos e seguros. Toda acción debe respectar a normativa vixente para garantir que sexa segura e efectiva.

“A natureza precisa tempo, ciencia e compromiso. A túa vontade conta, e canalizala ben é o primeiro paso para axudar de verdade”

Que facer despois do lume?

Sen a cobertura vexetal, o solo queda exposto ao vento e á chuvia, que provocarán a súa erosión mediante o arrastre de materia e partículas. Todo potenciado pola súa impermeabilización.

A erosión do solo é o dano ecolóxico máis grave, pois aléranse as súas características físico-químicas e perde os nutrientes, o que o torna infértil e condiciona que volva rexurdir o hábitat existente previamente. Reverter a degradación do solo é moi difícil e, no mellor dos casos, un proceso extremadamente lento.

Por este motivo, o traballo de restauración debe comezar inmediatamente, antes das chuvias de outono, tendo como prioridade reducir ao máximo a erosión do solo.

A small blue circular icon containing a white lowercase letter 'i', used as an information symbol.

O solo non é un recurso renovable a escala humana; 1cm de solo tarda 400 anos en formarse.

Como facelo?

O primeiro que debemos ter en conta é que serán prioritarias aquelas zonas que presentan un maior grao de severidade do fogo no solo.

Non hai unha técnica infalíbel e estandarizada, xa que este campo aínda está suxeito á experimentación e ao método proba e erro.



**Acolchamento (mulching) ·
muros de contención vexetal e
pétreos · faxinas · tecnosolos**

Estas son algunhas das técnicas que teñen demostrado eficacia. A súa escolla vai depender da orografía, existencia de cursos de auga, eficiencia e outra serie de factores que requiren:
estudo pormenorizado · planificación

Sementar?

Só ten sentido facelo **en fases posteriores**, unha vez estabilizamos o solo. Facelo antes non servirá de nada e mesmo pode ser contraproducente.

O obxectivo é acadar a rexeneración dos tres estratos que compoñen un bosque, por iso, antes do arbóreo, debemos priorizar o **herbáceo e o arbustivo**.

A excepción a esta regra

O hidromulching, que é unha técnica de restauración vexetal que consiste en pulverizar sobre o chan unha mestura de sementes, auga, fertilizantes e fibras orgánicas para favorecer a súa revexetación, si podería aplicarse antes de reparar o substrato herbáceo e arbustivo

E que sementar?

Facer aprovisionamento de sementes é unha boa medida para **cando chegue o momento.**

Con todo, debes ter presente que é importante que só apañes especies **autóctonas** e, a poder ser, de exemplares vizosos e da contorna da área a rexenerar, pois van ser estes os que presenten unha mellor adaptación xenética ao microclima e características da zona, aumentando as probabilidades de éxito da nosa sementeira.



Mover sementes entre lugares distintos pode romper ese equilibrio natural e poñer en risco a supervivencia das poboacións locais

Que non debemos facer?

Camiñar en grandes grupos e/ou tripar as zonas queimadas, xa que aceleraríamos a erosión.

Usar maquinaria pesada cando non é estritamente necesario

Asustar ou danar a fauna

Cortar sistematicamente os restos de troncos queimados e esqueletos sen que estes supoñan un perigo, pois actúan de barreira fronte as escorras e conforman un hábitat para aves e insectos.

Realizar sacas de madeira de modo agresivo

Que está a facer ADEGA?

Reunirse coas administracións competentes para trasladarlles a necesidade inminente de desenvolver accións de prevención da erosión e de recuperación ambiental e da biodiversidade nas zonas queimadas, con especial atención aos Espazos Naturais Protexidos

Recoller os datos de contacto das persoas ou entidades que se ofrecen voluntarias para traballar sobre o terreo

Contactar coas comunidades de montes afectadas, universidades e persoal experto para determinar necesidades e opcións de intervención

Avaliar in situ as zonas afectadas e organizar accións de voluntariado para a súa restauración ambiental

Que podes facer ti?

- Informarte das accións de voluntariado para a restauración ecolóxica de zonas queimadas que poida impulsar ADEGA.
- Contribuír, mediante doazón ou asociándote, a que ADEGA poida dar continuidade ao seu programa de voluntariado ambiental post-incendios.

➤ bit.ly/asociate_adeqa

➤ bit.ly/doa_adeqa

